

Beatriz Domínguez, alumna do ZM Confección e Moda é a gañadora do segundo premio na pasada edición do concurso Idea Eduemprende.

Charlamos con Beatriz sobre o seu proxecto de empresa Tolemia

- En que consiste "Tolemia"?

É unha marca de moda infantil, de carácter urbán e que se diferencia por varios aspectos:

É un **proxecto de economía circular**, sostible en todas as fases, dende se recolle a materia prima ata o final, xa que as prendas terán unha segunda vida.

Libre de tóxicos, pensado para a pel dos nenos, en especial para peles atópicas. O proxecto baséase na investigación de novos tecidos e materiais, como a fibra de bambú, cáñamo, tencel... ademais do algodón orgánico.

Son **deseños inspirados en contos**. Elexín contos tradicionais da nosa cultura para darlos a coñecer aos pequenos e tamén outros contos, coidando de eliminar os aspectos sexistas.



De onde xurde a idea?

A moda é a miña paixón, e dentro do mundo da moda gústame o deseño, a creación de prendas dende o principio ata o final.

Na moda infantil podo desenvolver a miña creatividade. Os nenos arriscan máis para vestir diferente.

Gustaríache levar o proxecto á práctica?

Sí, síntome moi orgullosa deste proxecto. No futuro non descarto emprender, e gustaríame facelo con un proxecto como este. Creo que poder ter éxito xa que non existe algo similar no mercado.



Algún consello para o alumnado que queira presentarse ao concurso?

Animolles a participar cos seus proxectos. Eso sí, aconsellaríalles que soliciten as claves e certificados dixitais que van necesitar para o proceso de presentación

Por último quería darlle as grazas á miña titora Raquel, que me axudou moito co proxecto e a Maite, profesora de EIE.

E por suposto á miña compañeira Marta Alonso Lago coa que presentei o proxecto.